

- Draco! Estaba preocupado! Desapareciches de repente e agora volve aparecer! -dixo o seu amigo Durco.

- Fun a un sitio increíble! Pero primeiro quero desculparme por enfadarme antes contigo. Non me gustou cando me quitaches o xoguete, porque estaba xogando con el.

- Xa me din conta... é que me apetecía moito xogar co teu xoguete, pero a próxima vez pedireicho antes.

Os dous sorriron e fundíronse nun abrazo, e non volveron discutir nunca máis.

Tempo despois, Draco fundou unha escola na que poder compartir todo o aprendido no Aloia. Chamouna "Escola de dragóns", pero fíxose tan popular que acudiron seres de todo o Reino, entusiasmados coa idea de aprender sobre como actuar segundo as súas emocións con xogos, cancións e pequenos trucos.

